



**EXPEDIENTE M6/2021 DE CONCESION DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO,  
BAIXAS POR ANULACION DE CRÉDITO, TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO E  
MODIFICACIÓN DOS ANEXOS DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS, DE  
RELACIÓN DE INVESTIMENTOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO  
ORZAMENTO DO 2021 (PRORROGADO DO 2020)**



**Expediente M6/2021 de concesión de suplementos de crédito,  
baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito,  
modificación dos anexos de subvencións nominativas, da relación  
de investimentos e das Bases de Execución do Orzamento 2021  
(prorrogado de 2020)**

**MEMORIA DA ALCALDÍA**

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao pleno da corporación municipal, o presente expediente, que ten por finalidade a modificación do orzamento de 2021 (prorrogado de 2020), para conceder suplementos de crédito, transferencias de crédito e baixas por anulación de créditos necesarios para asumir un conxunto de gastos que non se poden demorar e para o que non existe crédito no orzamento vixente.

Efectivamente, o Concello ten que acometer determinadas actuacións que resulta necesario executar coa maior celeridade posible, entre as que cabe salientar:

- A amortización de cotas correspondentes a préstamos concertados, consonte ao establecido na normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
- Afrontar os gastos de desratización e desinfección da COVID-19.
- Levar a dirección da execución do monumento aos falecidos no Portiño.
- Convocatorias de axudas, como as de apoio ao sector do taxi, ou ben para completar o pago de convenios nominativos pendentes.
- Investimentos varios en áreas de rehabilitación integral: grupo de vivendas María Pita, Ventorrillo, urbanización casco histórico e “Pescadería”.
- Achechas municipais a proxectos financiados con fondos Eidus: plan de humanización e naturalización do paseo marítimo, creación e posta en marcha dos hortos urbanos, sistema de información da calidade ambiental, remodelación da funcionalidade de mercados, reforma centro cívico de Birloque e creación de aula TIC.
- Achechas municipais a proxectos de seguridade cidadá financiados con contribucións especiais, tales como equipos de protección individual, adquisición de vehículo furgoneta, etc.



Operacións de patente interese público, encamiñadas a cumplir compromisos e prestar bens e servizos á veciñanza, que se financian do seguinte xeito: con minoracións de crédito en aplicacións nas que non se ven afectadas negativamente as actividades e os servizos que se veñen desenvolvendo, con remanentes de tesourería para gastos con financiación afectada e tamén cunha operación de crédito perfectamente asumible dada a ampla marxe de endebedamento coa que conta este Concello.

É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en relación co artigo 179 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e a Base de Execución número 7 das do Orzamento do Concello. Será sometido á aprobación do pleno da corporación municipal.

Nas listaxes que acompañan as propostas, aparecen as finalidades específicas das modificacións que se propoñen.

**II.-** Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020 (M6/2021), para a súa posterior aprobación polo pleno da corporación municipal.

O expediente resúmese a continuación:

#### **INCREMENTOS NO ESTADO DE GASTOS**

I	CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	0,00
II	SUPLEMENTOS DE CRÉDITO	1.292.127,60
III	TRANSF. DE CREDITO POSITIVAS	143.470,00
	TOTAL INCREMENTO	1.435.597,60

#### **MINORACIÓNES NO ESTADO DE GASTOS**

I	BAIXAS DE CRÉDITO	-230.895,41
II	TRANSF. DE CRÉDITO NEGATIVAS	-143.470,00
	TOTAL MINORACIÓNES	-374.365,41
	<b>TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>1.061.232,19</b>



### INCREMENTOS NO ESTADO DE INGRESOS

I	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA)	48.054,00
II	PRÉSTAMO	1.013.178,19
	<b>TOTAL INCREMENTO NO ESTADO DE INGRESOS</b>	<b>1.061.232,19</b>
	<b>VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE GASTOS</b>	<b>1.061.232,19</b>
	<b>VARIACIÓN NETA NO ESTADO DE INGRESOS:</b>	<b>1.061.232,19</b>

### DISTRIBUCIÓN NETA DAS MODIFICACIÓNS POR CAPÍTULOS DE GASTO

CAPÍTULO		IMPORTE
I	Gastos de persoal	0,00
II	Gastos correntes en bens e servizos	-157.488,97
III	Gastos financeiros	-135.000,00
IV	Transferencias correntes	-31.704,59
V	Fondo de Continxencia e outros	0,00
<b>OPERACIÓN CORRENTE</b>		<b>-324.193,56</b>
CAPÍTULO		IMPORTE
VI	Investimentos reais	1.201.625,75
VII	Transferencias de capital	48.800,00
VIII	Activos financeiros	0,00
IX	Pasivos financeiros	135.000,00
<b>OPERACIÓN DE CAPITAL</b>		<b>1.385.425,75</b>

Trámítense o expediente con suxección ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, a 17 de novembro de 2021

A alcaldesa,

Inés Rey García

## EXPEDIENTE M6/2021 DE CONCESIÓN DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, DE BAIXAS DE CRÉDITO, TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO E MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS E ANEXO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVAS, DE COMPETENCIA PLENARIA, DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL PRORROGADO DE 2020 Ó 2021

Remítense para informe desta Intervención Xeral o expediente M6/2021 de suplementos de crédito, baixas de crédito e modificación dos anexos de investimentos e subvencións nominativas, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2020 prorrogadas para o 2021, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2<sup>a</sup> do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7<sup>a</sup>, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2020 prorrogadas para o 2021, establece o carácter preceptivo do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

### INFORME.

#### I.- Antecedentes, exame orzamentario e de estabilidade.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión de 16 suplementos de crédito por importe de 1.292.127,60 €, seis baixas de crédito por importe de 230.895,41 €, dúas transferencias de crédito negativas por importe de -143.470,00 € e correlativamente duas transferencias de crédito positivas por importe de 143.470,00 €, así como o aumento da previsión dos ingresos no subconcepto 913.01 pola concertación dunha operación de crédito a longo prazo por importe de 1.013.178,19 € para financiar investimentos.

Tamén aprobase, derivadas das modificacións de crédito propostas, unha modificación da relación de investimentos e do anexo de subvencións nominativas aprobados para o 2021.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos suplementos e transferencias positivas equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

## I.- ALTAS. (€)

Suplemento de crédito	1.292.127,60
Transferencias de crédito positivas	143.470,00
<b>Total altas de créditos</b>	<b>1.435.597,60</b>

## II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO. (€)

Baixas de crédito	230.895,41
Transferencias de crédito positivo	143.470,00
Operación de crédito	1.013.178,19
Remanente Líquido de Tesorería	48.054,00
<b>Total financiamiento</b>	<b>1.435.597,60</b>

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Tamén hai que ter en conta que se trata dunha modificación sobre un orzamento prorrogado. De conformidade co artigo 169.6 do TRLRFL é posible modificar o orzamento prorrogado a través de créditos extraordinarios e suplementos de crédito. Así o dispón o citado artigo cando di:

*"6. Si al iniciarse el ejercicio económico no hubiese entrado en vigor el presupuesto correspondiente, se considerará automáticamente prorrogado el del anterior, con sus créditos iniciales, sin perjuicio de las modificaciones que se realicen conforme a lo dispuesto en los artículos 177, 178 y 179 de esta ley y hasta la entrada en vigor del nuevo presupuesto. La prórroga no afectará a los créditos para servicios o programas que deban concluir en el ejercicio anterior o que estén financiados con crédito u otros ingresos específicos o afectados"*

Tamén o artigo 21.5 do Real Decreto 500/1990, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria, dispón que:

*"En tanto no se aprueba el Presupuesto definitivo, el prorrogado puede ser objeto de cualquiera de las modificaciones previstas en la ley".*

O artigo 177 da Lei de Facendas Locais é o que regula o réxime das modificacións de créditos extraordinarios e suplemento de créditos sen ningunha especialidade para os Orzamentos Prorrogados.

Polo anterior, en relación cos suplementos de crédito, no expediente dáse tamén cumprimento formal ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se

aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

*"El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone. Dicho aumento se financiará con cargo al remanente líquido de tesorería, con nuevos y mayores ingresos recaudados sobre los totales previstos en el presupuesto corriente, y mediante anulaciones o bajas de créditos de gastos de otras partidas del presupuesto vigente no comprometidos, cuyas dotaciones se estimen reducibles sin perturbación del respectivo servicio."*

No que se refire as transferencias comprobouse que non se incumpriron os límites obxetivos previstos no artigo 180.1 do TRLRFL.

En canto á posibilidade de acudir a unha operación de crédito a longo prazo para financiar investimentos hai que traer a colación o disposto no artigo 50 do TRLRFL que di:

*"La concertación de cualquiera de las modalidades de crédito previstas en esta ley, excepto la regulada en el artículo 149, requerirá que la corporación o entidad correspondiente disponga del presupuesto aprobado para el ejercicio en curso, extremo que deberá ser justificado en el momento de suscribir el correspondiente contrato, póliza o documento mercantil en el que se soporte la operación, ante la entidad financiera correspondiente y ante el fedatario público que intervenga o formalice el documento."*

***Excepcionalmente, cuando se produzca la situación de prórroga del presupuesto, se podrán concertar las siguientes modalidades de operaciones de crédito:***

- a) Operaciones de tesorería, dentro de los límites fijados por la ley, siempre que las concertadas sean reembolsadas y se justifique dicho extremo en la forma señalada en el párrafo primero de este artículo.*
- b) Operaciones de crédito a largo plazo para la financiación de inversiones vinculadas directamente a modificaciones de crédito tramitadas en la forma prevista en los apartados 1, 2, 3 y 6 del artículo 177."*

No presente caso tramítase de conformidade cos apartados 1 e 2 do artigo 177 e o é para financiar investimentos vinculados ás modificacións de crédito tramitadas. A excepcionalidade prevista na Lei, en canto concepto xurídico indeterminado debe quedar baixo a oportunidade política do interese público que poida valorar o Pleno do Concello segundo a motivación dada no expediente.

Neste exercicio 2021, ó igual que para o 2020 y o próximo 2022, suspendéronse o cumprimento das regras fiscais polo que é posible a suscripción da operación de crédito no que se refire ás esixencias da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria, ainda que potencialmente acudir a endebedamente aumenta o risco de inestabilidade, pero como a regra do déficit 0 está suspendida non traerá consecuencia ningunha. Dende a perspectiva dos límites e esixencias da lei de Facenda Locais tamén podería suscribirse a operación de crédito prevista, remitímonos a

estos efectos ó noso informe de estabilidade orzamentaria a liquidación do 2020, no que resultaba un cálculo de aforro neto de 9,1 millóns de €, polo que ainda incluindo a operación prevista nesta modificación o aforro seguiría sendo positivo; e a débeda viva financiera situábase ó peche do 2020 nun 23,33 % dos recursos ordinarios liquidados, moi afastado do límite do 75% que marca a Lei de Facendas Locais, polo que tamén ainda incluindo a operación desta modificación orzamentaria a débeda viva estaría moi por debaixo do límite indicado.

O anterior referido á estabilidade orzamentaria infórmase para os efectos de dar cumprimento ao artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, no caso de que se puidese entender vixente.

## II.- Exame do expediente

Existen varias finalidades previstas nas modificacións orzamentarias propostas e que non tiñan cobertura nos créditos iniciais prorrogados.

1. Financiar unha parte pendiente de abono de convenios nominativos de 2020 do servizo de empleo e empresa, incluido no anexo de subvencións de 2020, xustificados no 2021.
2. Para atender subvencións de capital de apoio ó sector do taxi.
3. Para cofinanciar un proxecto europeo ERASMUS + de museos científicos e uns proxectos EIDUS de movilidade e TIC.
4. Para a cofinanciación, a través da suscripción da operación de crédito, dos investimentos non previstos no orzamento prorrogado do Programa Operativo FEDER DUSI, e para a ARI Urbanización Casas de Franco-Ventorrillo, Grupo de viviendas María Pita en Labañou y Casco Histórico-Pescadería 8º fase, e para a parte do concello que ten que aportar ós investimentos financiados con contribucións especiais do SEIS.

## III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nin alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor.

Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Régime Local).

Con todo, a teor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, na data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



**Expediente M6/2021 de concesión suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas, da relación de investimentos e das Bases de Execución do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020)**

**Informe proposta**

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2<sup>a</sup> do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A Base 7<sup>a</sup> das aprobadas para a execución do Orzamento de 2021 (prorrogadas de 2020) remítense ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito entre outras modificacións orzamentarias. Respecto ás baixas por anulación aparecen reguladas nos artigos 49 e seguintes do RD 500/1990.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito existente é insuficiente. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Neste expediente M6/2021, modificativo de créditos de 2021, o financiamento do expediente que se propón realizarase mediante:

1. Remanente líquido de Tesourería para gastos con financiamento afectado, por importe de corenta e oito mil cincuenta e catro euros (48.054,00€).
2. Baixas de crédito por importe de douscentos trinta mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (230.895,41€)
3. A subscrición dunha operación de crédito a longo prazo, prevista no art. 50 do TRLRFL, á que é posible acudir na situación de prórroga para o financiamento de investimentos vinculados directamente a modificacións

de crédito tramitadas na forma prevista nos apartados 1, 2, 3 e 6 do art. 177. O importe do préstamo previsto é dun millón trece mil cento setenta e oito euros con dezanove céntimos (1.013.178,19€), non superando os límites previstos no artigo 53 do TRLRFL.

O destino do financiamento previsto no M6/2021 será:

- A. Financiar, mediante baixas de crédito, a parte pendente de abono dos convenios nominativos de 2020 do servizo de Emprego e Empresa, incluídos no Anexo de Subvencións de 2020, xustificados en 2021.
- B. Financiar mediante baixas de crédito en aplicacións de Mobilidade, procedentes da aplicación do bonobús e de dous convenios nominativos aos que os beneficiarios renuncian expresamente, un suplemento de crédito destinado a atender subvencións de capital de apoio ao sector do taxi.
- C. Financiar mediante baixas gastos derivados de desratización e para gastos de desinfeccións do Covid 19.
- D. Financiar con Remanente líquido de Tesourería para gastos con financiamento afectado un suplemento de crédito na aplicación de maquinaria, instalacións e ferramentas (Museos científicos) procedentes da subvención do programa europeo Erasmus + e ingresada en 2020, pola Universidade Exeter (Reino Unido), que actúa como coordinadora.

Con Remanente afectado tamén se financia un proxecto do EIDUS de Mobilidade e TIC, segundo o acordado polo Pleno o 8 de xullo de 2021.

- E. O destino da operación de crédito que se prevé subscribir é o de financiar a anualidade 2021 dos seguintes investimentos non previstas no orzamento prorrogado:
  - As achegas municipais para os proxectos incluídos no Programa Operativo FEDER DUSI.
  - As achegas municipais correspondentes a 2021 para ARI Urbanización Casas de Franco-Ventorrillo 1<sup>a</sup> fase, Grupo de vivendas María Pita en Labañou e Centro histórico - Pescadería 8<sup>a</sup> fase.
  - As achegas municipais para financiar os proxectos do Servizo de Extinción de incendios xunto coas contribucións especiais.



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos  
M6/2021  
XGL

Propónese tamén modificar a Base 7<sup>a</sup> B) para incluír entre as aplicacións orzamentarias ampliables as do Servizo de Extinción de Incendios coa cantidade definitivamente recoñecida no subconcepto de ingresos 35100 Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo.

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS AMPLIABLES			
GASTOS		INGRESOS	
Aplicación	Denominación	Subconcepto	Denominación
10.136 .62200	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .62300	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. MAQUINARIA, INSTALACIÓN E FERRAMENTAS	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. MATERIAL DE TRANSPORTE	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .63200	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO REPOSIÇÃO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo

II. O proxecto de expediente M6/2021 de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas, da relación de Investimentos e modificación das Bases de Execución do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020), que se somete á Xunta de Goberno Local, vén acompañado da correspondente Memoria xustificativa, na que se ordena a incoación do expediente. Na devandita Memoria e na restante documentación que se une ao expediente, recóllense os aspectos mencionados no artigo 37.2 do RD 500/1990 (artigos 177 e 178 do TRLRFL), que establece como aplicables as normas sobre información, reclamacións e publicidade, recollidas nos artigos 20 e 22 do propio Real Decreto e 169 a 171 do TRLRFL.

Unha vez aprobado, no seu caso, o proxecto de expediente M6/2021 de modificación do Orzamento de 2021 na Xunta de Goberno Local, elevarase proposta para a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral por maioría simple dos membros presentes. O expediente haberá de expoñerse ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións. O expediente considerarase definitivamente aprobado se, durante o citado prazo, non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Aprobada definitivamente a modificación publicarase resumida por capítulos no BOP.

III. Conforme á normativa citada, e se V.E. considérao oportuno, sería procedente formular á Xunta de Goberno Local da Corporación, a seguinte:

**Proposta de acordo:**

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2021, prorrogado de 2020 (M6/2021), mediante concesión de dezaseis suplementos de crédito por importe dun millón douscentos noventa e dous mil cento vinte e sete euros con sesenta céntimos (1.292.127,60€), seis baixas por anulación por importe de douscentos trinta mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (-230.895,41€), dúas transferencias de crédito negativas por importe de cento corenta e tres mil catrocentos setenta euros (-143.470,00€) e dúas transferencias de crédito positivas por importe de cento corenta e tres mil catrocentos setenta euros (143.470,00€). Todo iso reflectido na listaxe denominada "Expediente M6/2021" que se incorpora ao expediente.
2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2021, prorrogado de 2020, incorporando o novo ingreso correspondente ao importe da operación de crédito a subscibir no subconcepto de ingresos 913.01, por un importe dun millón trece mil cento setenta e oito euros con dezanove céntimos (1.013.178,19€), que substituirá á prevista no subconcepto 913.01 do estado de ingresos do orzamento 2021 prorrogado automaticamente. Tamén se incorporan corenta e oito mil cincuenta e catro euros (48.054,00€) de remanente líquido de tesourería para gastos con financiamento afectado, no subconcepto 870.10.
3. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente de seis baixas por anulación por importe de douscentos trinta mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (-230.895,41€), dúas transferencias de crédito negativas por importe de cento corenta e tres mil catrocentos setenta euros (-143.470,00€), o remanente líquido de tesourería para gastos con financiamento afectado por importe de corenta e oito mil cincuenta e catro euros (48.054,00€) e a operación de crédito a concertar por importe dun millón trece mil cento setenta e oito euros con dezanove céntimos (1.013.178,19€). Todo iso reflectido no listado "Expediente M6/2021. Financiamento".



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos  
M6/2021  
XGL

- [Handwritten signature]*
4. Aprobar o proxecto de modificación da Relación de Investimentos do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M6/2021. Modificacións da Relación de Investimentos".
  5. Aprobar o proxecto de modificación Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado "Expediente M6/2021. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas".
  6. Aprobar o proxecto de modificación da Base 7<sup>a</sup> B) das de Execución de orzamento de 2021 (prorrogado de 2020), para incluír entre as aplicacións orzamentarias ampliables a do Servizo de Extinción de Incendios coa cantidade definitivamente recoñecida no subconcepto de ingresos 35100 Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo.

APLICACIÓN ORZAMENTARIAS AMPLIABLES			
GASTOS		INGRESOS	
Aplicación	Denominación	Subconcepto	Denominación
10.136 .62200	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .62300	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. MAQUINARIA, INSTALACIÓN E FERRAMENTAS	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .62400	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO NOVO. MATERIAL DE TRANSPORTE	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo
10.136 .63200	Servizo de prevención e extinción de incendios. INVESTIMENTO REPOSICIÓN. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓN	35100	Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do servizo

- [Handwritten signature]*
7. O proxecto de expediente unha vez aprobado, someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Economía, Facenda e Administración Xeral.

8. Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

A Coruña, 17 de novembro de 2021

Xefa de Servizo de Orzamentos  
e Estudos Económicos,

  
Belén Blanco de Azpiazu

Conforme:  
Director de Economía, Facenda  
e Réxime Interior,

  
Manuel Ángel Jove Losada

Vº e pr,  
Concelleiro de Economía, Facenda e  
Réxime Interior,

  
José Manuel Lage Tuñas



Área / Unidad PRESUPUESTOS Y ESTUDIOS ECONOMICOS SH0000 MTAG	Documento 36E15I00MQ	
Código de verificación  5X5Z 3825 3Q5F 2307 0F9P	Expediente 36E/2021/39	
	Fecha 17-11-2021	

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Régime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urgente celebrada o día 30 de novembro de 2021 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

##### Oficina Orzamentaria

Expte. 6E/2021/39

Aprobación do proxecto do expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, baixas por anulación de crédito, transferencias de crédito e modificación dos anexos de subvencións nominativas, de relación de investimentos e das bases de execución do Orzamento 2021 (prorrogado de 2020).

Previa deliberación, de conformidade co informe–proposta que consta no expediente e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por

*El Concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:*

*Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 30 de noviembre de 2021 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:*

#### ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

##### Oficina Presupuestaria

Expte. 6E/2021/39

*Aprobación del proyecto del expediente M6/2021, de concesión de suplementos de crédito, bajas por anulación de crédito, transferencias de crédito y modificación de los anexos de subvenciones nominativas, de relación de inversiones y de las bases de ejecución del Presupuesto 2021 (prorrogado de 2020).*

*Previa deliberación, de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente y del que se dará traslado, en todo caso, junto con la certificación/notificación del presente acuerdo, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por*



**unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

1. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2021, prorrogado de 2020 (M6/2021), mediante concesión de dezaseis suplementos de crédito por importe dun millón douscentos noventa e dous mil cento vinte e sete euros con sesenta céntimos (1.292.127,60€), seis baixas por anulación por importe de douscentos trinta mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (-230.895,41€), dúas transferencias de crédito negativas por importe de cento corenta e tres mil catrocentos setenta euros (-143.470,00€) e dúas transferencias de crédito positivas por importe de cento corenta e tres mil catrocentos setenta euros (143.470,00€). Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2021” que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar o proxecto de modificación do estado de ingresos do orzamento 2021, prorrogado de 2020, incorporando o novo ingreso correspondente ao importe da operación de crédito a subscribir no subconcepto de ingresos 913.01, por un importe dun millón trece mil cento setenta e oito euros con dezanove céntimos (1.013.178,19€), que substituirá á prevista no subconcepto 913.01 do estado de ingresos do orzamento 2021 prorrogado automaticamente. Tamén se incorporan corenta e oito mil cincuenta e catro euros (48.054,00€) de remanente líquido de tesourería para gastos con financiamento afectado, no subconcepto 870.10.

3. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente de seis baixas por anulación por importe de

**unanimidad**, en votación ordinaria, se acuerda:

*1. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2021, prorrogado de 2020 (M6/2021), mediante concesión de dieciséis suplementos de crédito por importe de un millón doscientos noventa y dos mil ciento veintisiete euros con sesenta céntimos (1.292.127,60€), seis bajas por anulación por importe de doscientos treinta mil ochocientos noventa y cinco euros con cuarenta y un céntimos (-230.895,41€), dos transferencias de crédito negativas por importe de cento cuarenta y tres mil cuatrocientos setenta euros (- 143.470,00€) y dos transferencias de crédito positivas por importe de cento cuarenta y tres mil cuatrocientos setenta euros (143.470,00€). Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2021” que se incorpora al expediente.*

*2. Aprobar el proyecto de modificación del estado de ingresos del presupuesto 2021, prorrogado de 2020, incorporando el nuevo ingreso correspondiente al importe de la operación de crédito a suscribir en el subconcepto de ingresos 913.01, por un importe de un millón trece mil ciento setenta y ocho euros con diecinueve céntimos (1.013.178,19€), que sustituirá a la prevista en el subconcepto 913.01 del estado de ingresos del presupuesto 2021 prorrogado automáticamente. Tamén se incorporan cuarenta y ocho mil cincuenta y cuatro euros (48.054,00€) de remanente líquido de tesourería para gastos con financiación afectada, en el subconcepto 870.10.*

*3. Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente de seis bajas por anulación por importe de doscientos treinta mil ochocientos*



douscentos trinta mil oitocentos noventa e cinco euros con corenta e un céntimos (-230.895,41€), dúas transferencias de crédito negativas por importe de cento corenta e tres mil catorcentos setenta euros (-143.470,00€), o remanente líquido de tesourería para gastos con financiamento afectado por importe de corenta e oito mil cincuenta e catro euros (48.054,00€) e a operación de crédito a concertar por importe dun millón trece mil cento setenta e oito euros con dezanove céntimos (1.013.178,19€). Todo iso reflectido no listado “Expediente M6/2021. Financiamento”.

4. Aprobar o proxecto de modificación da Relación de Investimentos do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios que se realizan neste expediente, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M6/2021. Modificacións da Relación de Investimentos”.

5. Aprobar o proxecto de modificación Anexo de Subvencións nominativas do Orzamento de 2021, prorrogado de 2020, incorporando as alteracións que resultan da modificación de créditos orzamentarios, detalladas na listaxe que se incorpora ao mesmo titulado “Expediente M6/2021. Modificacións do Anexo de Subvencións nominativas”.

6. Aprobar o proxecto de modificación da Base 7<sup>a</sup> B) das de Execución de orzamento de 2021 (prorrogado de 2020), para incluír entre as aplicacións orzamentarias ampliables a do Servizo de Extinción de Incendios coa cantidade definitivamente recoñecida no subconcepto de ingresos 35100 Contribucións especiais para establecemento ou ampliación do

noventa y cinco euros con cuarenta y un céntimos (-230.895,41€), dos transferencias de crédito negativas por importe de cento cuarenta y tres mil catorcientos setenta euros (-143.470,00€), el remanente líquido de tesourería para gastos con financiación afectada por importe de cuarenta y ocho mil cincuenta y cuatro euros (48.054,00€) y la operación de crédito a concertar por importe de un millón trece mil cento setenta y ocho euros con diecinueve céntimos (1.013.178,19€). Todo ello reflejado en el listado “Expediente M6/2021. Financiación”.

4. Aprobar el proyecto de modificación de la Relación de Inversiones del Presupuesto de 2021, prorrogado de 2020, incorporando las alteraciones que resultan de la modificación de créditos presupuestarios que se realizan en este expediente, detalladas en el listado que se incorpora al mismo titulado “Expediente M6/2021. Modificaciones de la Relación de Inversiones”.

